

UNHA REDE DO SÉCULO XXI.

Por que comunicamos?

AVANCE DO PLAN DE COMUNICACIÓN (ONLINE e OFFLINE)



"Os Dereitos Humanos son os vosos dereitos. Promóvanos. Comprendan e insistan neles. Enríquézanos... Son o mellor de nós. Denlles vida"

Kofi Annan

Por que queremos comunicar?

1. É común percibir que estamos ante un cambio de época en moitos sentidos. A chamada globalización, as novas tecnoloxías ou a crise económica que de maneira abrupta irrompeu desde o ano 2008, están a reconfigurar as nosas vidas e tamén as nosas institucións.

Estas mudanzas tamén están a reformular o tipo de comunicación que desde as administracións públicas e o campo da cooperación internacional debemos promover.¹ **Para comunicar sobre o Fondo Galego, primeiro, temos que saber porque falamos dunha política pública de calidade e porque o noso modelo foi posto en valor pola Unión Europea.**

Debemos coñecer o valor agregado que para un Concello implica facer parte desta rede de institucións e persoas que conecta cos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio das Nacións Unidas.

Cando comunicamos cooperamos, xa sexa visibilizando as motivacións e os resultados dos proxectos no SUR, como a participación de cada un dos nosos Concellos e Deputacións no Fondo Galego.

2. **O Fondo nace agora hai 16 anos da necesidade de participar, desde o municipalismo galego, das correntes de solidariedade internacional que promocionan os valores dos Dereitos Humanos.** Nace no 1997 da demanda dunha cidadanía que durante toda a década dos anos 90 reclamou de maneira masiva políticas activas a favor da cooperación internacional, naquel famoso desexo de destinar o 0,7% dos orzamentos estatais a políticas de solidariedade internacional.

3. **Aínda hoxe no actual contexto de crise económica estudos de opinión da Universidade de Santiago de Compostela, a Fundación Bill Gates ou o Real Instituto El Cano defenden que a cidadanía galega e española apoia en porcentaxes superiores ao 70% manter as políticas activas de cooperación internacional. Non só as que se exercen desde o Estado, senón tamén as da chamada cooperación descentralizada oficial, a que exercen as entidades de goberno subestatais coma as Comunidades Autónomas, as Deputacións ou os Concellos.**

O principal motivo deste apoio maioritario é que a propia cidadanía percibe que os esforzos orzamentarios nesta materia son humildes, que historicamente debemos asumir responsabilidades coma sociedades colonizadoras e que mesmo desde unha

¹ Gerardo Bustos, «10 razones para que la Administración Pública esté en las redes sociales», 24 de septiembre de 2013 (bit.ly/15TkFdo).

ollada egoísta poden axudar a resolver problemas que tamén nos afectan a nós mesmos e no noso entorno, como as guerras e conflitos, o cambio climático e o deterioro ambiental ou a inmigración masiva e fóra de control con dramáticas e inhumanas consecuencias moi preto de nós.

4. A cidadanía reclamou políticas activas de cooperación internacional que implicasen a diferentes actores, xa que, desde as especificidades de cada quen, a plusvalía das nosas accións desde o campo local enriquece o camiño de construír un mundo máis xusto e menos desigual. O desenvolvemento humano nace no local.

Á proximidade á cidadanía é o grande valor da cooperación municipalista, non só nas actividades de sensibilización e educación que levamos adiante nos Concellos socios, senón na transferencia de recursos por medio de proxectos que financiamos no SUR, xa que se reducen os intermediarios chegando de maneira máis directa ás sociedades e cidadanía coas que queremos cooperar.

5. Ademais o Fondo Galego fuxiu sempre dos localismos e os personalismos nun ámbito de traballo onde primou sempre a eficacia e a eficiencia desde o sistema de cotas mínimas para a implicación de todos, favorecendo a posibilidade de que o tamaño non fose impedimento para facer parte da asociación, que sempre desde a austeridade xestionou os fondos durante estes xa 16 anos.

Cada quen no seu Concello ou Deputación pode calcular a porcentaxe que representa no seu orzamento municipal a cota que dedica ao Fondo. **Facer pedagogía co sistema de cotas mínimas é fundamental para entender a sustentabilidade, longo prazo e pertinencia desta política mancomunada desde o poder local.**

6. O Fondo Galego naceu coa vontade de converterse nunha institución do municipalismo converténdose na súa axencia de cooperación internacional, deixando a batalla partidista para outros ámbitos, enriquecendo o sistema galego de cooperación e aprendendo tamén a cooperar entre nós como poder local galego.

Cómpre dicir tamén que a Xunta representa historicamente o 50% do total dos orzamentos do Fondo nestes 16 anos.

O Fondo promove unha acción exterior que debe ser multidimensional e non centrada só no empresarial, para ter resultados que abran a Galicia capital relacional e oportunidades de longo percorrido nun planeta en cambio permanente.

O Fondo Galego é unha maneira de presentar a Galicia e aos seus Concellos no mundo. O Fondo é fillo precoz do seu tempo.

O Libro Branco da Acción Exterior de Galicia apróbbase no ano 2004 e a Lei Galega de Cooperación no 2005, por unanimidade no Parlamento de Galicia.

Cómpre destacar que na Lei referendada o Fondo Galego é unha figura central e de referencia explícita.

7. Quince anos despois da súa fundación, durante o ano 2012 conmemoramos os 15 anos da asociación baixo o lema: **Somos unha rede de institucións e persoas.**

O balance destes tres lustros deixounos moitos resultados positivos: desde os vínculos sólidos e de longo percorrido cos nosos socios estratéxicos no SUR, como as capacidades organizativas da Rede Municipalista Solidaria, que o ano pasado foi capaz de organizar máis de 100 actividades en Galicia en 71 concellos socios.

Neste sentido cómpre pór en valor a economía de escala do Fondo Galego en canto ao retorno directo por medio de actividades culturais e educativas, grazas ás exposicións itinerantes, os ciclos de cine con fondo, a capacidade de enredar traballo coas ONGD galegas en datas referenciais coma o 17 de outubro ou a contratación de actividades de maneira colectiva como as xiras da Tropa de Trapo ou obradoiros e actividades destinadas a públicos concretos dentro dos nosos concellos.

O Fondo representa a cooperación entre administracións, a eficacia, e a eficiencia para promover os Dereitos Humanos nunha administración local chea de contido democrático.